



TERMINANDO UN MARZO ACEPTABLE

Nova xornada de competición para os distintos equipos do Numancia. Nesta fin de semana os conxuntos numantinos seguiron coa melloría dende que chegou a primavera. Analizamos a xornada:

MODESTOS: Disputada e importante vitoria no campo de A Gándara ante o Ánimas que serve para continuar na zona noble da 2ª Autonómica.

XUVENÍS: Recuperan a dinámica de empates como a principios de temporada. Desta vez a igualada foi no difícil campo de Cariño ante o equipo local. Boas sensacións do reforzado equipo xuvenil nas últimas semanas.

CADETES: Unha de cal e outra de area. Cando parecía que os cadetes recuperaran o bo camiño foron perder en Prados Velloos co Portuarios "B". Toca volver a erguerse e traballar moi duro de cara ó futuro próximo.

INFANTÍS: Sumaron un punto ante o Meirás no Misael Prieto. Boa imaxe do equipo infantil e un empate a domicilio para coller moral de cara a futuros compromisos.

FÚTBOL-8 e BIBERÓNS: A festa do fútbol - 8 en Prados Velloos deixou un bonito partido de biberóns entre Numancia e Cabañas. Unha vitoria cómoda dos prebenxamíns ante o Narón "B". Vitoria axustada dos benxamíns ante o Eume "B". Derrota dos alevíns nun emocionante partido ante o G. Caranza "B". Moito público en Prados Velloos e bonitos goles na tarde do venres.

En definitiva, boa xornada en líneras xerais para o Numancia. Agardemos poder seguir contando boas novas nas seguintes revisións da ITV.

O Numancia somos tod@s

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!